

## UN 'ENTERRO' NA ALDEA

### INDA ESISTE A SIMONIA NOS EIDOS DA PROBEZA

Unha chamada telefónica ~~dende a aldea~~ embazou a nosa tranquilidá estival en Lugo. Dende a aldea chegábanos a verba esconsolada do amigo que, tamén el, estaba coa familia na terra nadal.

Sempre en armonía, fai moitos anos que vivimos emigrados na Gran Cidá. Casamos nas mesmas datas. Polas mesmas, dous meniños aledaron os nosos fogares. E xuntos superamos outonos, invernos e primaveiras co degaro das vacaciós, síñimo de "GALICIA". Iste ano tiveron máis mala fada os nosos amigos. Unha irmá e da Lola morréu súpetamente.

- Mañá teremoslle os funerás ás doce.

O "Liña", un coche todo il remendado, sabedor de mil feiras e camiños, esparexendo coios, choutando coma un cabalo, estordegándose nas curvas imposibles, asmático nas costas e algareiro e saltón nas baixadas, empregó no seu camiño duas horas longas recollendo nunha ducia de lugares, xentes, que mal e como podían aproveitaban ocos de milagre. Os baixos do coche fan choídos tamén con sacos de mineral, petates e hastra carneiros que non se poideran ceibar da forza dendeante dun mozo chamado Silverio.

Xusto á hora dos funerás, chegamos á eirexa ateigada de veciños e amigos da familia da morta, que agardaban pacientemente o comenzo da función relixiosa.

Perto dunha hora tardaron os cregos en dar comenzo aos desacompanados requiezos. Nos bancos desartellados, os pacentes labregos, que desde as seis da mañá estaban en pé por mor das mallas, escoitaban aquela disonancia de voces agudas, graves, roucas e desnorteadas, cavilando, coido eu, na Xenerosa. Ela, coitada, alonxárase daquiles eidos de emigración, coas maus encallecidas por rabelas e aixadas. Estaba libre xa do fume da lareira e o pô das mallas. Non voltaría ás feiras pra malvender ovos, un xamón, unhas pitas e, os anos de colleita abondosa, carros acugulados de patacas a dous reás o kilo..... - Os imáus obreiros da Gran Cidá teñen que pagalas a seis pesetas ! -

Tales cavilacións enrestrábanse na miña testa cando ouvíñ as verbas derradeiramente.

deiras do abade: "Podeis ir en paz" cun deixo rufín de musicalidade castelán. Na eirexa non había, abofé, unha soia persoa non galega; pro iles, ministros-autoridás do culto oficial, segufan coa teima de empregar a lingua dos reis católicos na terra dos Irmanos abafados....

Ao rematar a misa estrañeime en vendo que homes e donas rubfan ao presbiterio. Confeso o meu noxo: Os cregos principiaron a requear de novo, sabedes o qué?: Os antigos responso! Cambearon, do idioma oficial, aos vellos latís que tanto chiste promoveron na nosa terra! E cómo apañaban os cartos ~~M~~ - reliquia de santo, morea de sudes - dos feligreses! No mesmo Altar do Sagrificio trunfaba a simonfa! Arrombando Concilios, amparábanse no idioma antergo pra enfaltricar pesos! Penso eu: Terán engado os latís pra valeirar os bulsós?

Poucos días dempóns tiven ocasión pra falar co abade e contéille o meu escándalo.

- Sonche tradicioñs moi arraizadas no pobo.

Pola serán o Queiroga, o home mais vello do lugar, dixome:

- Son costumes proveitosas pra empetar pesos. E engadfu: Manténense no latin porque coídan que non os entendemos; pero a tradución compreta dos responso seina eu compreta. Atende o que falan: Dies illa, dies illa; se eres tonto espabila. Catro duros cato duros; á conta de catro burros. Calamitatis miserabre, bota pra eiquí diñeiro hermano; se eres rico e tes diñeiro, cantarémosche enterro enteiro e se eres probe e non tes nada levámoste de camiñada. Kirieeleison, Cristeeleison; cartos pró meu bulsón. Pater noster! Por ise armatoste!

Teño ouvido moitas vegadas istas ou semellantes cousas, dixenlle.

Supónomo, contestou algo amoscado, pero va que non ouviches ista?

O home tusfu e coa seriedá dun crego vello cantou despaciosamente.

- Bebi in fontem robinacatem, fumigaten buratatem. Pasim puentes burritatem mirmikiki quiquitatem

I engadfu:

- Tes ouvido moitas vegadas cousas semellantes, non si? Pois, se quers saber o siñificado diste responso, escórname e cavila, que oxe non cho conto.

En este número úñico atoparás a nota de consagración a M. Rodriguez